

## **I PREMIO**

### **“A USC crea, a USC innova”**

## **CONVOCATORIA**

Con motivo da celebración do Ano da Creatividade e a Innovación, e co obxecto de dar a coñecer as distintas iniciativas innovadoras que, impulsadas por persoal vinculado á USC, se están levando a cabo no noso contorno, a USC convoca o I Premio “A USC crea, a USC innova”. O noso obxectivo é facer agromar todas aquelas accións que abordan cuestións do noso día a día de maneira creativa e orixinal, demostrando así que a innovación non debe guiar só as "grandes ideas" que desembocan na creación dunha empresa de base tecnolóxica ou nun cambio de paradigma, senón tamén todas aquelas “pequenas ideas” que de maneira creativa melloran a nosa vida diaria.

## **BASES**

1.- Poderán presentarse a este premio, a título individual ou en grupo, todas aquelas persoas vinculadas estatutariamente á USC, funcionario e laboral, ou estudantes de calquera nivel. Premiaranse aquelas iniciativas que estean en fases avanzadas de deseño ou xa rematadas e que sobresaian pola súa creatividade e innovación á hora de afrontar unha cuestión ou un problema concreto do día a día.

2.- Os criterios que se terán en conta no proceso de selección das iniciativas son os seguintes:

- Carácter innovador
- Carácter creativo
- Viabilidade e madurez
- Sustentabilidade
- Impacto e proxección

3.- A descrición de cada acción, preferentemente en galego, seguirá obrigatoriamente o formato do formulario de participación, que se pode descargar do web da USC. No dito formulario constará o título da acción, a persoa ou grupo impulsor da iniciativa, así como un enderezo completo, teléfono e enderezo de correo electrónico de contacto da persoa que, como representante individual ou do grupo ou equipo solicitante, actuará como interlocutor. No caso daquelas iniciativas desenvolvidas en equipo, será imprescindible a conformidade, mediante a súa sinatura dos diferentes membros do equipo, para a presentación da experiencia. Ademais da información solicitada no formulario de participación, os participantes poderán adxuntar vía telemática aquela información adicional que consideren importante á hora de valorar a súa candidatura. Unha vez cuberto e debidamente asinado, o formulario orixinal entregárase, dirixido ao reitor da USC, no Rexistro Xeral da Universidade, no Campus de Santiago de Compostela ou de Lugo.

4.- A temática que poden abordar estas accións é moi ampla: admitíranse todas aquelas relacionadas coa xeración de coñecemento, a educación, a cultura, a formación, a solidariedade, a divulgación, a docencia, a investigación, o deporte, a vida universitaria

ou a xestión de calquera destes aspectos. En definitiva, calquera acción que teña unha compoñente innovadora e creativa, agás as propias accións institucionais.

**5.-** Serán premiadas un máximo de tres accións que o xurado estime de maior calidade consonte coas bases desta convocatoria. Os premios estarán dotados coas seguintes asignacións económicas: 1º premio: 1.500 euros; 2º premio: 1.000 euros; 3º premio: 500 euros. Os premios serán satisfeitos ao(s) asinante(s) da acción no Acto de Entrega, que será presidido polo reitor da USC. Ademais do premio económico, as accións premiadas serán difundidas pola USC a través de diversas canles de comunicación co obxecto de dar a coñecer a actividade innovadora desenvolvida no contorno da USC e promover así a posta en marcha de novas accións innovadoras en distintos ámbitos. O xurado tamén poderá conceder ata un máximo de dez accésits sen percepción económica. As dotacións económicas dos premios estarán suxeitas á normativa tributaria.

**6.-** A Universidade resérvase o dereito de facer difusión das experiencias que o xurado estime de maior interese para a innovación na USC e en Galicia en xeral. Deste xeito, a presentación ao premio implicará a aceptación da difusión das accións.

**7.-** A admisión de orixinais rematará o día 30 de setembro de 2009. A entrega de premios terá lugar en Santiago de Compostela, no prazo dos tres meses posteriores ao da admisión..

**8.-** O xurado dos Premios estará presidido polo reitor ou vicerreitor en quen delegue, e del formarán parte as seguintes persoas:

Dous representantes da Vicerreitoría de Investigación e Innovación

Un representante da Vicerreitoría de Calidade e Planificación

Un representante do Consello Social

Un representante de FEUGA

Un representante da Consellería de Economía e Industria

Un representante do mundo empresarial galego

Un representante do profesorado da USC

Un representante do Concello de Lugo

Un representante do Concello de Santiago

**9.-** O xurado, que resolverá todas as cuestións non previstas, será nomeado polo reitor da USC. O fallo do xurado será inapelable.

**10.-** A USC comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e accións propostas que non fosen premiadas.

**11.-**A participación neste I Premio “A USC crea, A USC innova” comporta a aceptación expresa destas bases e da decisión do xurado.